



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 31 DE MARZO DE 2015

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a licenza para obras de nova edificación composta de planta baixa e primeira e reforma de edificios existentes no lugar de Formarís nº 60. LIC/1175/2014.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aceptación de cesión de terreo dende a aliñación presentada e licenza para construción de vivenda unifamiliar na rúa da Mira nº 64. LIC/ 547/2014.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a licenza para executar as obras de adaptación dunha edificación sita na rúa da Conga nº 9 e rúa Xelmírez nº 11 para hotel de tres estrelas. LIC/1760/2013.

Concedéronse 3 licenzas:

- Unha licenza autoriza a Financiera Maderera, S.A. (FINSAs) a ampliar as súas instalacións no lugar de Formarís, cunha nova edificación composta de planta baixa e primeira, cunha superficie construída de 1.030 m², e tamén se autoriza a reforma de edificios existentes nunha superficie construída de 306 m². O orzamento previsto para a execución destas obras é de 792.777 euros.

- Outra licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa da Mira (nº 64), composta de planta soto, baixa, e primeira, cunha superficie construída de 257,5 m² e cun proxecto que contempla un orzamento de execución de 110.479 euros. Vinculado con este proxecto, tamén se acepta a cesión dun terreo de 8,41 m² no frontal destinado a uso público.

- A terceira licenza é para a adaptación dunha edificación na rúa da Conga (nº9) e Rúa de Xelmírez (nº 11) para hotel de tres estrelas. O edificio ten unha superficie de 846 m² útiles e consta de baixo, dúas plantas altas e un baixo cuberta, con 25 habitacións, equivalente a 36 prazas de aloxamento. O orzamento de execución material das obras ascende a 188.122 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a ampliación de horario de peche solicitado pola Asociación de Hostelería Compostela.

Informouse favorablemente a petición formulada pola Asociación de Hostelería Compostela diante da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dirixida á ampliación nunha hora do horario de peche dos establecementos durante o período comprendido entre o 27 de marzo e o 5 de abril, coincidindo coas datas de interese turístico e o incremento de visitantes na Semana Santa en Santiago.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a prórroga do contrato administrativo especial para conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago.

Acordouse, de conformidade co establecido no correspondente prego, a prórroga do contrato administrativo especial para a conservación e mantemento do Cemiterio Municipal, asinado coa sociedade Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L. polo prazo de un ano, ata o 11 de abril de 2016. O custo do servizo é de 141.208 euros, distribuídos entre os orzamentos de 2015 e 2016.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a acordo marco coa Empresa-Universidade Galega no marco do desenvolvemento de proxectos colaborativos internacionais dentro de Programas de Financiamento Europeos.

Aprobouse o texto dun acordo marco a subscribir entre o Concello e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) no marco do desenvolvemento de proxectos colaborativos internacionais, dentro do programa de financiamento europeo. O obxecto do convenio é fundamentar as bases para a cooperación recíproca na execución de proxectos que se desenvolvan no marco de programas de cofinanciamento europeo que presenten un interese

para ambas entidades e que permitan acadar os resultados definidos nunha proposta de axuda, así como a optimización na xestión dos recursos ao longo da súa execución. A colaboración está dirixida a:

- compartir o persoal técnico e administrativo,
- compartir infraestruturas,
- colaborar en actividades de formación, difusión e transferencia de coñecemento,
- participar en eventos, seminarios e congresos,
- deseñar sistemas que permitan o intercambio de documentos e información
- e calquera outra actividade de carácter técnico que se recolle na proposta de axuda que motive a concesión de financiamento por parte da Comisión Europea.

Este acordo marco terá unha duración de 2 anos e poderase prorrogar indefinidamente en períodos doutros 2 anos de mutuo acordo por ambas partes.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa a WOMEX 2015-2016.

Aprobouse a encomenda á empresa municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), para levar a cabo o evento Womex 2016 en Santiago de Compostela, para o que deberá xestionar a contratación da cesión temporal, durante os anos 2015 e 2016 da marca Womex 2016 The World Music Expo e o conseqüente contrato de patrocinio para a consecución deste evento que se desenvolverá na nosa cidade do 19 ao 23 de outubro de 2016.

Con este fin destinarase ata un máximo de 500.000 euros, repartidos nas anualidades de 2015 (110.000 euros) e 2016 (390.000 euros).

A celebración do Womex 2016 busca consolidar e difundir, a través das distintas actividades que o compoñen e da súa repercusión mundial, a Santiago como centro internacional das músicas do mundo, promovendo a cidade e o seu potencial a nivel cultural e turístico, así como os valores da cidade e a súa oferta entre os visitantes, moitos deles creadores de opinión de diferentes lugares do planeta. Nunha nova edición preténdese repetir, e se é posible mellorar, o gran impacto económico do Womex de 2014, cifrado en preto de 3 millóns de euros, e o récord de participación ao congregarse na cidade a 2.400 delegados (un 6,6% máis que na edición anterior, e 1.470 empresas procedentes dun centenar de países, o que supuxo un incremento do 16.6% respecto da anterior feira de 2013 en Cardiff.

Outras cifras, como a presenza de 200 xornalistas acreditados, 280 stands con 668 compañías, 60 concertos con 320 artistas en 7 escenarios da cidade, dan conta da magnitude e da positiva repercusión deste evento que Santiago está disposto a albergar de novo no mes de outubro do vindeiro ano.

9.- Proposta do concelleiro de Seguridade e Mobilidade relativa a corrección de erro no prego do servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e túnel do Hórreo.

Acordouse subsanar o erro aritmético que consta no prego técnico e no estudo económico anual do contrato de servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e túnel do Hórreo, actualmente en fase de licitación.

Co fin de garantir a transparencia, a concorrencia e a seguridade xurídica dos licitadores propónse tamén ampliar o prazo de presentación de ofertas en 20 días máis desde o 4 de abril, data de remate do prazo inicialmente concedido.

A subsanación do erro supón que o prezo de licitación se reduce respecto do que figuraba no prego de cláusulas administrativas, pasando dos 634.802 euros aos 603.367 euros (-31.345 €).

11 a 49.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 39 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 13 referidos a incremento de valor dos terreos de natureza urbana; 19 para vehículos de tracción mecánica e 7 para imposto sobre bens inmobles.

50.- Dar conta do Decreto Liquidación orzamento 2014.

51.- Dar conta da autorización do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para concertación operación crédito a longo prazo para a substitución do préstamo co fondo de financiamento para o pago a provedores por importe de 11.923.223,98 euros, ao amparo do artigo 3 da Ley 18/2014.

52.- Proposta formalización concertación operación crédito a longo prazo para a substitución do préstamo co fondo de financiamento para o pago a provedores por importe de 11.923.223,98 euros.

53.- Dar conta do Informe da Intervención Xeral sobre o Plan de Axuste.

54.- Aprobación de crédito extraordinario nº 2015-CREXT-00, para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado.

55.- Aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 2015-suple-01 para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da loep e disp. adicional 16ª do TRLRFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello, por importe de 289.466,71 euros e para outros gastos financiado con baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias, por importe de 1.494.446,49 euros, e expediente de crédito extraordinario nº 2015-CREXT-01 para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e Disp. Adicional 16ª do TRLFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello, por importe de 1.148.411,66 euros e para outros gastos financiado con baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias, por importe de 229.946,00 euros.

56.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa a solicitude de subvención para o Programa Local de Apoio ao Emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Aprobouse a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e a Cámara de Comercio de Santiago para a realización dun Programa Local de Apoio ao Emprego en Santiago, así como a solicitude de subvención á Cámara de Comercio de España para o mesmo programa, que será cofinanciado polo Concello, nos custos non financiados pola subvención europea. O propio Concello tamén achegará persoal propia de coordinación para esta acción.

O Programa Local de Apoio ao Emprego é unha convocatoria subvencionada con fondos europeos para desenvolver feiras de emprego e accións formativas. Para optar á subvención é preciso presentar unha proposta conxunta da Cámara de Comercio e do Concello na que se comprometa por ambas partes o cofinanciamento dun 20% do gasto elixible.

O Programa Local de Apoio ao Emprego que se presenta contempla as seguintes accións:

- A realización dunha Feira de Emprego, para favorecer as posibilidades de inserción das persoas desempregadas, que levará a cabo o Concello.
- Un servizo de orientación, cunha duración de 10 horas por alumno/a, dirixido a 32 persoas participantes, que organizará a Cámara de Comercio de Santiago.
- A realización de 2 accións formativas, sobre enerxías renovables e contabilidade e facturación, de 200 horas de duración para 16 persoas desempregadas cada unha, a executar pola Cámara de Comercio.
- E unha liña de axudas para incentivos á contratación, para empresas que contraten a persoas participantes no programa, con 8 axudas, que teñen por obxectivo de incorporar ao mercado laboral ao 25% dos participantes nas accións formativas.

A execución destas accións ten como data límite o 31 de decembro de 2015 e o orzamento total do programa acada o 186.079 euros, dos que un 80% procede do Fondo Social Europeo (148.863 euros) e o 20% restante achégano o Concello (27.616 euros) e a Cámara de Comercio (9.600 euros).

57.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa a devolución de fianza definitiva da concesión de bens de uso público na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo dos anos 2012 e 2013. Expte. 12/2012.

Denegouse a devolución dunha fianza de 30.000 euros solicitada por Pombo Eventos Atracciones de Ferias, S.L., constituída para responder das obrigas derivadas do contrato de concesión de bens de uso público na Alameda para a colocación de postos durante as Festas da Ascensión e do Apóstolo dos anos 2012 e 2013. A incautación foi adoptada para saldar a débeda que a citada empresa mantiña por falta de pagamento dunha das fraccións que equivale ao importe da fianza definitiva que se tiña constituído